



ROSALÍA

en vinte

EDICIÓNS

DISCOGRÁFICAS

XUNTA DE GALICIA



150

aniversario de
CANTARES
GALLEGOS



A nosa música ten nos escritores aliados naturais que propiciaron a creación de temas estrela para a cultura propia. Caso paradigmático é o "Negra Sombra" de Montes con letra de Rosalía de Castro. Rosalía é, con moito, a poeta que máis serviu á música galega. Sobre un 10% das gravacións editadas téñena como referencia. Só lle segue Celso Emilio Ferreiro nesta valoración, coa metade de gravacións con respecto a Rosalía e algo máis ca Pondal, Curros ou Cunqueiro.

Podemos asegurar que hai preto de catrocentas referencias a edicións gravadas que teñen a Rosalía de Castro como autora das letras. A súa hexemonía é clara, en parte polo "Negra Sombra", pero seguiría sendo a primeira se restásemos este tema. Así, temos exemplos desde os discos de lousa dos anos vinte gravados polo Coro Cantigas da Terra da Coruña, a Coral de Ruada de Ourense ou La Artística de Vigo. Practicamente todos os grupos ou artistas que empregan a voz usaron a Rosalía coas letras inspiradoras dos seus poemas. Non só os coros, senón tamén representantes doutros estilos como o pop (Los Tamara, Ana Kiro, Keltia, Bernardo Xosé), o jazz (Alberto Conde), o rock (Astarot), por suposto o folk (A Quenlla, Xocaloma, Cumbre, Emilio Cao, Fia Na Roca), o vocal clásico (Tony de Soto, Antón de Santiago), os cantautores (César Morán, Bibiano, Jeí Nogueiro) e moitos outros rexistros da música, como a infantil (Na Virada). Mención á parte podemos facer tamén da "Alborada" de Rosalía de Castro con, polo menos, dez gravacións que a conteñen, desde Avelino Cachafeiro ou Morenos de Lavadores ata Juanjo Fernández, pasando por Irmáns Portela ou Lembranzas Galegas.

É curioso, non obstante, como podemos contar cos dedos dunha man os monográficos de música e letra dedicados a Rosalía. O primeiro -e quizais máis popularizado- foi o editado por Amancio Prada no ano 1975, titulado *Rosalía de Castro* e ampliado máis tarde como *Rosas a Rosalía* (1997). Outro monográfico moi curioso e interesante en canto achega ao jazz a través da voz de Dolores Plata é o titulado *Lúa Descolorida* (1985), con composicións de Nani García, Rodrigo Romaní e Antón Seoane. No ano 1996 a Fundación Rosalía de Castro edita tamén unha gravación dedicada á poeta con voces e piano, no que participan Aurora López, Maruja Iniesta e Maruxa Villanueva.

Podemos tamén comentar que hai títulos de gravacións que aluden claramente á figura da poeta: *No bico un cantar* (1991) de Antonio de Santiago, que fai referencia ao célebre poema de Curros dedicado a Rosalía, e *Mayo Longo* (2000), elixido por Carlos Núñez para o seu traballo discográfico e para o fermoso tema en cuestión. No 2007 temos unha edición da cantante Laura Alonso con música de Antón García Abril que contén o tema "Lúa descolorida".

Rosalía é a musa por antonomasia das letras das cancións galegas. Se ben o poema "Negra Sombra" é o máis musicado, toda a súa obra foi e será, inspiración de músicos compositores, de artistas e de todo tipo de agrupacións da música galega.

Texto e escolma de Xaime Estévez Vila (abril de 2013)

1. Agrupación Artística de Vigo



Negra sombra, La voz de su amo, ca.1930.

O tema "Negra Sombra" con letra de Rosalía e música de Montes é o máis gravado da música galega, tamén é o primeiro que a partir da terceira década do século XX gravan agrupacións senlleiras como a Coral de Ruada ou Cantigas da Terra e outras desaparecidas como o exemplo que propoñemos neste disco de lousa da Agrupación Artística de Vigo dirixida por Gaudencio Velaz.

2. Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra



Canciones Gallegas, Regal, Barcelona, 1958.

Disco de vinilo EP desta agrupación con temas galegos, editado no ano 1958 cunha versión de "Negra Sombra". Contén un texto asinado por Antonio Fernández-Cid no que analiza os oito temas gravados e a figura de Antonio Iglesias Vilarelle á fronte da Polifónica de Pontevedra.

3. Coro Lembranzas Galegas



Coro Lembranzas Galegas, Belter, Barcelona, 1968.

Esta edición de Lembranzas Galegas dirixida por Moisés Alonso Valverde é un primeiro exemplo da "Alborada de Rosalía de Castro" con letra. Esta peza tamén ten os seus referentes gaiteiros en gravacións como as do gaiteiro de Soutelo de Montes e, máis tarde, noutros históricos como Irmáns Portela ou Morenos de Lavadores.

4. Los Tamara



Na fermosa Galicia, Zafiro, Madrid, 1970.

Los Tamara son, sen dúbida, o grupo que de sempre máis apostou por conectar a música galega coa súa cultura. Neste LP con doce temas do ano 1970 -en pleno franquismo- inclúen tres letras de Rosalía na cara A: "Airiños, airiños aires", "Adiós ríos, adiós fontes" e "Pensamentos". Fai unha xenerosa introdución o presidente da Real Academia Galega, Sebastián Martínez-Risco, quen sentencia "...un xusto homenaxe ao vivente e fermoso idioma de Galicia".

5. Los Tamara



Miña Galicia Verde, Marfer, Madrid, 1974.

Los Tamara, aínda na ditadura, volven afondar na temática do LP *Na Fermosa Galicia* con outro disco no que elixen a tres poetas da cultura galega: Rosalía, Curros e Celso Emilio Ferreiro. O propio Celso Emilio fai un prólogo a este traballo. Neste caso, os títulos de Rosalía elixidos son: "Dilema", "Negra Sombra", "Mentras eu peno" e "El loco soñador". *Miña Galicia Verde*, todo un título alusivo non só ao amor á cultura galega senón precursor do desenvolvemento sostible e do valor do mundo rural.

6. Amancio Prada



Vida e morte, Disques Alvarés Francia. Madrid, 1974.

No final da época franquista irrompe no panorama da música galega un cantautor do Bierzo que vai ter a Galicia permanentemente como fonte principal de inspiración. Neste disco, precursor sen dúbida da monografía do seguinte ano, xa lle dedica a Rosalía dous temas dos once gravados: "Como chove miudiño" e "Un repoludo gaiteiro".


7. Amancio Prada



Rosalía de Castro, Movieplay, Madrid, 1975.

Amancio Prada ten a honra de ser o primeiro que dedica un LP monográfico a Rosalía de Castro con once temas dun carácter intimista acompañados de guitarra e violonchelo. Á feliz circunstancia súmase o éxito e popularidade da súa proposta, na que sobresaen os temas "Campanas de Bastabales" e "Adiós Ríos, adiós fontes" que serán asumidos popularmente a pesar de propostas melódicas anteriores e posteriores.

8. Juan Pardo



Galicia miña nai dos dous mares, Ariola, Barcelona, 1976.

Disco editado xa na transición democrática, con oito temas dedicados a Galicia e a escritores como Pondal, Veiga ou Ramón Cabanillas. Deste último é o poema "A Rosalía de Castro" incluído neste traballo de Juan Pardo. Outro exemplo de que o pop galego nos anos setenta usa a propia cultura como base das súas letras e temáticas.

9. Xoán Rubia



Lembranzas, Zafiro, Madrid, 1977.

Neste LP con dez temas, Xoán Rubia desde Mugardos pon a música a letras de Celso Emilio Ferreiro e Federico García Lorca entre outros. Unha delas é o poema que Lorca dedica a Rosalía, "Canción pra Rosalía Castro morta". Eduardo Leiva é quen fai os arranxos nun formato pop. Trátase dunha nova mostra do estoupido de propostas musicais nos anos setenta baseadas nas letras relacionadas coa cultura galega.

10. Xocaloma



Soio un sono, Zafiro, Madrid, 1979.

Un exemplo de que desde o ámbito folk tamén se usan as letras de Rosalía. Neste caso, un dos dez temas do LP é unha versión de Xosé Luís Silva Romaní de "Adiós ríos, adiós fontes". No ano anterior no seu primeiro disco, Terra, tamén incluían o tema "Airiños, airiños aires".

11. Dolores Plata



Lúa Descolorida, Edigal, A Coruña, 1985.

Curioso monográfico sobre letras de Rosalía de Castro que inclúe nove temas cun achegamento ao jazz na voz da cantante Dolores Plata (tamén formou parte de Xocaloma). Sete temas son da autoría de Rodrigo Romaní e os outros dous de Nani García e Antón Seoane. Historicamente é o segundo LP monográfico dedicado a Rosalía. Conta coa colaboración do grupo Milladoiro e de diversos músicos como Baldo Martínez ou Fernando Llorca, ademais dos xa mencionados.


12. Antón de Santiago



No bico un cantar. A cantiga lírica galega, Edigal, A Coruña, 1991.

Nesta edición que por primeira vez usa como título o verso da poesía que Curros dedica a Rosalía, Antón de Santiago grava dez cancións representativas da lírica galega. Dous temas achégannos a Rosalía de Castro: o poema de Federico García Lorca "Canzón de cuna pra Rosalía Castro morta" e "No bico un cantar" de Curros Enríquez. As dúas, con música de Antón de Santiago. Os arranxos orquestrais son de Fernando V. Arias.

13. Carlos Núñez



A irmandade das estrelas, BMG Ariola, Madrid, 1996.

Carlos Núñez é outro artista que tivo claro desde o principio que a súa inspiración debía arraigarse dun xeito especial na cultura galega. Así xa no seu primeiro disco no ano 1996 temos unha versión folk de "Negra Sombra" de gran popularidade posterior na voz da cantante Luz Casal. Outra mostra do que estamos a comentar é que o seu terceiro disco se titulará *Mayo Longo* (2000), cunha fermosa versión sobre o poema de Rosalía.


14. Amancio Prada



Rosas a Rosalía, Fonomusic, Madrid, 1997.

No ano 1997 Amancio Prada volve rescatar a idea do monográfico a Rosalía que tanta popularidade lle deu. Consegue unha proposta sinfónica coa participación da Real Filharmonía de Galicia -dirixida por Maximino Zumalave- e de estrelas da canción como María del Mar Bonet ou María Dolores Pradera, entre outras. Un total de 18 temas musicados por Amancio Prada que constitúen a gravación musical monográfica máis extensa dedicada á poeta.

15. Astarot



O sentir dunha terra, Discmedi, Barcelona, 2000.

O grupo rock Astarot grava este disco no ano 2000 con temas moi populares, o que lles permitiu achegar diversos temas galegos a un público novo grazas a este formato. A canción que abre o disco é "Negra Sombra". Resulta curioso como usan o principio da versión de Los Tamara con Pucho Boedo antes de comezar a súa propia, sen dúbida un xesto de respecto e admiración polo grupo pop galego que tanto fixo a través da música pola nosa cultura.

16. Varios Poetas



Rosalía na voz dos poetas, Fundación Rosalía de Castro, A Coruña, 2003.

A Fundación Rosalía de Castro ten varias publicacións sonoras dos versos de Rosalía recitados por outros poetas. Esta é unha delas, na que 11 poemas son recitados por Avilés de Taramancos, Ramiro Fonte ou Ana Romani, entre outros. Existen tamén outras nas que figuran pezas musicadas como a de Aurora López e Maruja Iniesta (1996), con trece temas.

17. Na Virada



Rulada das cantigas, Vigo, 2002.

Non abundan adaptacións das letras de Rosalía para nenos, o colectivo Na Virada fai unha proposta nesta orientación na que inclúe unha letra de Rosalía: "Turra, Xan Pola Burra". Participan nesta versión, entre outros, Xico de Cariño, Virxilio da Silva e Antonio López.

18. Resonet



Cantares Galegos. Rosalía de Castro, Ouvirmos, Lugo, 2007.

Rosalía de Castro nos seus Cantares Gallegos glosou coplas populares. Agora é Resonet quen toma dos cancioneros populares as melodías das cantigas nas que se inspirou a propia Rosalía para musicar aqueles poemas. Unha nova visión da poesía de Rosalía que quizais imite as recreacións que a escritora facía cantando e acompañándose de piano, arpa ou guitarra. Esta edición inclúe un libreto de 88 páxinas cos poemas orixinais e traducidos a castelán, inglés e francés.

19. Roi Casal



Lendas douradas, PAI, Vigo, 2008.

No seu primeiro disco en solitario Roi Casal adapta letras de Rosalía de Castro en tres dos 12 temas gravados: "Ninfa das frescas augas", "Noite de San Xoan" e "Tecín Soia". Un exemplo de como as novas xeracións e propostas musicais seguen contando co pano de fondo da letra de Rosalía de Castro.

20. Aid



Rapoemas, Galaxia, Vigo, 2012.

Exemplo contemporáneo onde o rap se atopa coas letras de Rosalía, que ocupan a metade da proposta desta rapeira viguesa que tamén usa letras de Curros Enríquez e Manuel Antonio. Un contrapunto estilístico interesante que, á marxe de afinidades, móstranos de novo que as raíces da nosa cultura seguen agromando nas propostas artísticas do presente.

galicia

cultura.xunta.es



XUNTA
DE GALICIA